

## **ADAPTACIÓNS 3º TRIMESTRE CURSO 2019/20\_ORDE EFP/365/2020**

**Centro:** Conservatorio profesional municipal “Mestre Ibáñez”

**Localidade:** Monforte de Lemos (Lugo)

**Departamento:** Corda Pulsada

**Xefe de departamento:** Andrés Campanario Rodríguez

**Asignatura:** Guitarra

Modificada para adaptarse á situación creada polo COVID-19 según as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



## **INTRODUCCIÓN E FINALIDADES DAS ENSINANZAS ELEMENTÁIS E PROFESIONÁIS DE MÚSICA**

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Ensinanzas profesionáis: No artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dictadas no posterior decreto de 27 de Setembro de 2007. A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Ensinanzas profesionáis: A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música "Mestre Ibáñez" de Monforte de Lemos.

A finalidade das **ensinanzas elementáis** é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade necesaria que permita acceder ao grao profesional.

As **ensinanzas profesionáis** ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

## **OBXECTIVOS DAS ENSIANZAS ELEMENTAIS**

### **- Os obxectivos das ensinanza de música deben ser os seguintes:**

- a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- c) Adoptar unha posición axeitada do corpo respecto do instrumento que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo-antebrazo-pulso-mans-dedos esquerdos sobre o diapasón, e dos dereitos sobre as cordas.
- d) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- e) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- f) Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento para conseguir un perfeccionamento continuo da calidade sonora e saber empregalo, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- g) Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.
- h) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- i) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e adaptarse harmonicamente ao conxunto.
- l) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- m) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- n) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- ñ) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

**- Os contidos das ensinanzas profesionais son os seguintes:**

- a) Percepción e desenvolvemento das funcións motoras que interveñen na execución guitarrística, e da súa adecuada coordinación.
- b) Desenvolvemento da habilidade de cada man e da sincronización de ambas.
- c) Afinación das cordas.
- d) Traballo da independencia na man esquerda para mellorar a distancia dos dedos.
- e) Principios xerais da dixitación guitarrística e os eu desenvolvemento, para expresar coa maior claridade as ideas e os contidos musicais.
- f) Traballo da dinámica e da agónica.
- g) Emprego das posibilidades tímbricas do instrumento.
- h) Coñecementos básicos dos recursos da guitarra.
- i) Aprendizaxe das formas de ataque para a man dereita co fin de conseguir progresivamente unha calidade sonora adecuada e realizar planos simultáneos.
- l) Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.) para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- m) Desenvolvemento dunha condución clara das voces en obras contrapuntísticas.
- n) Harmónicos naturais.
- ñ) Iniciación á grafía contemporánea.
- o) Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- p) Adquisición de hábitos de estudo correctos.
- q) Selección progresiva de estudos e obras do repertorio guitarrístico que se c0nsideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- r) Práctica de Conxunto.

## **2º CURSO ENSINANZAS ELEMENTAIS**

### **A) OBXECTIVOS**

- 1º Perfeccionar os contidos do primeiro curso.
- 2º Aprender a organizar e distribuír o tempo de estudo persoal.
- 3º Desenvolver un perfeccionamento continuo da calidade sonora tanto nas clases individuais como colectivas.
- 4º Coñecer as diferentes técnicas de pulsación da man dereita, tirando-apoiando.
- 5º Dominar os contidos expostos para este curso.
- 6º Ampliar o coñecemento das notas nas seguintes posicións.
- 7º Interpretar un repertorio básico formado por pezas dunha dificultade acorde con este nivel.
- 8º Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.

### **B) CONTIDOS**

#### **Primeira avaliación**

- a) Iniciación ao estudo das diferentes formas de dicitación, tendo en conta o estilo e carácter da peza ou fragmento.
- b) Práctica de ligados de dúas notas (ascendentes e descendentes).
- c) Práctica de arpejos de catro notas.
- d) Interpretación como mínimo de dous exercicios e unha peza.

#### **Segunda avaliación**

- a) Práctica de barras.
- b) Práctica de escala dunha oitava (la m harmónica na primeira posición).
- c) Práctica de fórmulas de exercicios encamiñados a desenvolver a calidade do son.
- d) Práctica da lectura das notas nos cinco primeiros trastes.
- e) Interpretación como mínimo de tres estudos e dúas pezas.

#### **Terceira avaliación**

- a) Práctica de escala dunha oitava (a menor harmónica VII posición, apoiando e tirando)
- b) Interpretación como mínimo de catro estudos e catro pezas de diferentes estilos.

Realizaranse as adaptacións necesarias das programacións didácticas do seguinte curso 2020-2021, para incorporar aqueles obxectivos e contidos que, polas circunstancias especiais do terceiro trimestre, non puidesen ser abordados.

## **C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Na aplicación dos criterios de avaliación e mínimos esixibles respectivamente terase en conta en todo momento que o grao de profundización e destreza/técnica requiridos estarán baseados soamente na primeira e segunda avaliación. De ser posible, ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación). De ser necesario, tendo en conta as circunstancias anteriormente referidas, poderase incorporar, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puidese desenvolver.

Seguiranse os seguintes criterios:

### **Conceptuais**

- 1º Dixitación.
- 2º Ritmo, compás, acento.
- 3º Dinámicas.
- 4º Equisonos.
- 5º Arpexos simples.
- 6º Acordes de tres notas.
- 7º Afinación.
- 8º Escalas.
- 9º Iniciación as células.

### **Procedimentais**

- 1º Desenvolvemento e mellora da calidade sonora.
- 3º Práctica de arpexos de tres notas.
- 4º Execución de escalas dunha oitava.
- 5º Os acordes de tres notas.
- 6º Afinación por equisonos e utilización de afinadores dixitais.
- 7º Práctica de lectura ampliando as posicións.
- 8º Iniciación ao uso de dinámicas.
- 9º Interpretación en público de algunhas das pezas traballadas.
- 10º Práctica de música de conxunto nas clases colectivas
- 11º Consolidación duns correctos hábitos de estudo.

### **Actitudinais**

- 1º Valoración do traballo persoal.

2º Actitude de respecto ante o profesor e o resto dos compañeiros nas clases colectivas e nas audicións.

3º Valoración do silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e a interpretación

4º Actitude crítica ante a propia interpretación e a calidade do traballo persoal.

5º Participación nas actividades do centro, concertos, audicións, actividades complementarias.

6º Respetto polas normas de actuación en grupo.

### **Criterios de avaliación xerais do curso :**

- Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a.
- Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso.
- Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a.
- Participar nas actividades (cursos, concertos, recitais de alumnos, etc.) organizadas polo departamento.
- Asistir regularmente ás aulas individuais e colectivas, mantendo unha actitude correcta.

### **Criterios de avaliación por trimestres (mínimos esixibles):**

Contidos mínimos/mínimos esixibles

#### **Primeira avaliación**

- a) Iniciación ao estudo das diferentes formas de dixitación, tendo en conta o estilo e carácter da peza ou fragmento.
- b) Práctica de ligados de dúas notas (ascendentes e descendentes).
- c) Práctica de arpexos de catro notas.
- d) Interpretación de dous exercicios e unha peza.

#### **Segunda avaliación**

- a) Práctica de barras.
- b) Práctica de escalas dunha oitava (la m harmónica na primeira posición).
- c) Práctica de fórmulas de exercicios encamiñados a desenvolver a calidade do son.
- d) Práctica da lectura das notas nos cinco primeiros trastes.
- e) Interpretación de tres estudos e dúas pezas.

#### **Terceira avaliación**

Reforzo dos contidos e actividades das anteriores avaliacións. Se modifican os criterios



de avaliación valorando especialmente a progresión na consecución dos obxectivos xerais do curso. Os criterios da terceira avaliación terán un carácter diagnóstico e formativo e permitirán as adaptacións necesarias da programación didáctica do seguinte curso académico 2020-2021, para incorporar aqueles obxectivos e contidos que, debido ás circunstancias especiais do terceiro trimestre, non se poderían abordar.

#### **D) PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

1º Avaliación inicial: a súa utilidade é identificar os coñecementos previos e aptitudes do alumno. Este procedemento permite analizar o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior.

2º A avaliación continua: consiste nun seguimento persoal do alumno na aula. O alumno recibirá un boletín de notas con calificacións trimestrais. Aínda que a avaliación e continua o alumno está obrigado a participar nun mínimo dunha audición por trimestre, segundo o criterio do profesor. A non participación sen causa xustificada implicaría a perda de avaliación continua.

3º Actividades de autoavaliación do alumnado:

- Emprego de gravacións de audio do repertorio traballado se o material do centro permite esta actividade.

- Cada alumno pode levar un diario no que conste o traballo de cada semana coa súa propia autoavaliación, baixo a supervisión do profesor.

O profesor debe fomentar a independencia e autocrítica do alumno sobre o seu traballo e resultados obtidos co mesmo, por esta razón sexan estas ou outras actividades, considérase importante o desenvolvemento deste apartado da avaliación.

4º Instrumentos de avaliación

- Seguimento académico individual do/a alumno/a, tendo en conta que as aulas son semanais e a avaliación é continua.

- Participación nas audicións organizadas polo departamento. O alumno ou alumna terá a obriga de participar nas audicións organizadas polo departamento unha vez que o profesor/a lle comunique a data e a/s obra/s a interpretar. A avaliación da mesmas é responsabilidade única do profesor correspondente, que terá en conta os criterios de avaliación e contidos propios de cada curso de acordo coa presente programación. O control das mesmas levarase co mesmo sistema que o das clases semanais.

- Poderase valorar positivamente a participación do/a alumno/a nas actividades voluntarias organizadas polo centro.

Tipos de avaliación que empregaremos durante este trimestre:

Avaliación Continua: Levarase a cabo de maneira integral, valorando a reforzo e recuperación dos dous primeiros trimestres, así como a ampliación das aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo real decreto 463/2020, sempre e cando se beneficie ao alumnado.

O procedemento da avaliación valorará mediante distintos medios telemáticos e técnicas audiovisuais (envío e recepción de audio/video), probas escritas, probas orais, traballos, etc...as aprendizaxes do/a alumno/a, deixando constancia dos resultados obtidos empregando o procedemento ordinario (ficha de seguimento do alumnado) e nunca minorando a cualificación.

#### **Dúas serán as actividades de recuperación:**

- a. Recuperación trimestral. Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior.
- b. Recuperación final. Se realizará un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso.

#### **Procedemento para a recuperación da 1ª-2ª avaliación:**

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización de clases por videochamada, probas e/ou envío de gravacións de audio/video que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica. As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

De non contar con información obxectiva sobre actividades realizadas polo/a alumno/a logo da declaración do estado de alarma, poderase realizar unha proba alternativa por medios telemáticos (videoconferencia, envío de gravación de audio/vídeo... preferentemente por mecanismos similares aos empregados para a comunicación co alumnado logo da declaración do estado de alarma) para efectuar a avaliación nas materias pendentes.

#### **Avaliación de materias pendentes:**

Partindo das instrucións do 27 de abril de 2020, que establece no seu punto 8.10:

A recuperación de materias pendentes relacionadas coa práctica instrumental, vocal ou de danza farase na clase do curso seguinte.

Tendo en conta esta premisa, avaliarase e cualificarase ao alumnado coa presente modificación da programación didáctica do curso anterior (1º de EE.EE.) en todos os seus apartados, tendo en conta que se realiza de forma integrada na materia instrumental do presente curso.

As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

### **Medidas de Atención á Diversidade:**

As adaptacións curriculares precisarán a autorización da inspección educativa correspondente. As condicións de realización serán as seguintes:

a) Modificación dos obxectivos, que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados, se é o caso; os contidos, que tamén poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e mesmo suprimidos.

b) Estarán dirixidas a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír cualidades excepcionais, non poden segui-lo proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.

c) O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ó alumno, coa colaboración do seminario ou departamento didáctico e, se é o caso, de calquera outro profesional que participe na atención ó devandito alumno.

Na elaboración das adaptacións curriculares individuais do alumnado con sobredotación seguiránse dous tipos de estratexias:

- Adaptarase o currículo de ampliación ou enriquecemento vertical: aumentando cantidade de contidos a aprender nunha ou varias áreas.
- A ampliación curricular de enriquecemento horizontal: O aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, prevalecendo a profundización e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

- Especial atención a alumnos sen conexión a internet, adoptando as medidas necesarias para poder achegarlles o traballo e poidan seguir reforzando as obras e estudos do programa, así como realizar conexión telefónicas de acción tutorial.

## **E) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Tendo en conta que se trata dunha materia baseada na práctica instrumental considérase que se trata dun proceso de evolución progresiva e contínua, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado na 2ª avaliación non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración técnica e persoal desde o comezo do curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento:

Tomarase como referencia a cualificación obtida na 2ª avaliación tendo en conta o carácter contínuo da materia e poderá incrementarse en 2 puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

- Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a.
- Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso.
- Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a.
- Participar nas actividades organizadas polo departamento.
- Asistir regularmente ás aulas e manter unha actitude correcta.

## **F) ENFOQUE METODOLÓXICO**

O alumno contará cunha clase individual de sesenta minutos e a posibilidade de participar, en función da dispoñibilidade do centro, nunha clase colectiva que complementará os contidos da clase individual e fomentará o traballo en grupo.

Os primeiros cursos esixen unha metodoloxía adaptada os coñecementos previos e as aptitudes de cada alumno. Numerosos son os métodos que o profesor ten a súa disposición, pero en moitos casos ningún deles cubre todas as necesidades do alumno.

O profesor debe ser imaxinativo para crear xogos e actividades que permitan o traballo dos contidos a acadar. A motivación é esencial para que o alumno sinta a necesidade de

continuar na indagación das posibilidades expresivas que lle ofrece a guitarra.

As actividades didácticas que se levarán a cabo nas clases son as seguintes:

- Traballo de obras que permitan o desenvolvemento dos obxectivos e contidos propios do curso.
- Contextualización das obras a través do análise e compilación de datos que levarán a cabo os alumnos sobre os autores e períodos musicais.
- Traballo da lectura a primeira vista.
- Audicións que permitan a mellora da capacidade crítica dos estudantes e que favorezan a estimulación da práctica na casa.
- Traballo da música en grupo nas clases colectivas.
- Participación nas audicións propostas polo departamento co fin de exteriorizar o traballo realizado ao longo do curso.

Debido á situación creada polo COVID-19, farase un uso intensivo das TIC, neste caso das apps de videoconferencia gratuítas como Skype, Google Duo e mesmo Whatsapp. Así mesmo enviaranse vídeos das obras/estudos a traballar durante o curso (a distintas velocidades) para que sirva de apoio e referente aos alumnos e estes, á súa vez, enviarán vídeos para levar un control semanal do traballo realizado o que completará o seguimento semanal que se realizará mediante videoconferencia.

## **G) RECURSOS DIDÁCTICOS ORIENTATIVOS**

Como mínimo catro estudos (con diferente formulación técnica) e catro obras a escoller entre as seguintes, ou outras da mesma dificultade:

### **I. Estudos**

Essential Guitar Skill, Ed. Ricordi B. Lester

A barra: n.º 2.

A escala: n.º 3, 5 e 6.

O trémolo: n.º 3 e 6.

O arpexo: n.º 1.

P.I.M.I. Study, Explorations in Guitar playing. Vol. I, Ed. Ricordi

### **II. Obras**

Madonna Katerina, The easy Guitar, R. Chiesa, Ed. Suvini Zerboni H. Newsidler

Minueto, Escuela de Guitarra Vol. 2 da 1ª ed.T. Camacho, Ed. Real Musical J.P. Krieger

Andante, Coleção de peças clássicas para 1º ano, I. Savio, Ed. Ricordi M. Carcassi

Estudo n.º 6, Colección de pezas clásicas para 1º ano, I. Savio, Ed. Ricordi N. Coste  
Estudo n.º 1 Op. 35, Studi per Chitarra, Ed. Suvini Zerboni F. Sors  
Estudo n.º 1 Op. 3, Studi per Chitarra, Ed. Suvini Zerboni F. Sors  
Estudo n.º 2 Op. 35, Studi per Chitarra, Ed. Suvini Zerboni F. Sors  
Estudo n.º 3, Colección de pezas clásicas para 1º ano, Isaías Savio, Ed. Ricordi F. Sors  
Estudo n.º 1, Études Simples, 1ª serie, Ed. M. Eschig L. Brouwer\*  
Ronda n.º 3, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle J. Zenamon  
Escalando, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle J. Zenamon  
Bienvenue, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman G. Montreuil  
Bahamas, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman G. Montreuil  
Le Clown, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman G. Montreuil  
Tango pour Hélène, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman G. Montreuil  
Crépuscule, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman G. Montreuil  
Calypso, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman G. Montreuil  
Romance, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman G. Montreuil  
Émeraude, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman G. Montreuil

### **Recursos xerais:**

Guitarra, banquillo de guitarra, metrónomo, atril.

### **Bibliografía**

Explorations in guitar playing for beginners, Vol. I, Ed. Ricordi B. Lester  
Essential guitar skill, The scale, the arpeggio, the barré, the trémolo, Ed. Ricordi B. Lester  
Études simples 1ª serie, Ed. M. Eschig L. Brouwer  
Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman G. Montreuil  
Modern Times, Vol. I, Ed. Chanterelle Varios Autores  
Estudos, Ed. Suvini Zerboni e Ed. Chanterelle F. Sors  
La Guitare Classique Vol. A, Ed. M. Combret J.-M. Mourat

### **H) PROCEDIMIENTO DE ACCESO AO CURRÍCULO:**

A proba práctica de acceso a este curso efectuarase segundo a lexislación que a regula, o decreto 198/2007 e a circular 4/2008 da consellería de educación . Será publicada no mes de abril no taboleiro de anuncios coas obras e estudos que se requirirán, integradas nos contidos da programación didáctica do 1º curso deste currículo. Estas obras e

estudios terán un carácter orientativo. Os criterios de avaliación serán os seguintes:

- Técnica xeral: 35%
- Son e afinación: 30%
- Interpretación (musicalidade, matización, etc): 35%

As porcentaxes xerais para elaborar a nota son:

- Linguaxe Musical: 40%
- Instrumento: 60%

### **Promoción e Permanencia**

O alumnado pasará ao curso superior cando teña superadas as materias cursadas ou teña avaliación negativa, como máximo nunha materia. No suposto de que a materia pendente sexa de práctica instrumental ou vocal, a recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte, se forma parte del. No resto dos casos, o alumnado deberá asistir ás clases das materias non superadas no curso anterior. A cualificación negativa en dous ou máis materias dun curso impedirá a promoción do alumnado ao curso seguinte.

En relación co punto anterior, o centro poderá, segundo a súa dispoñibilidade, autorizar a asistencia do alumnado con unha materia pendente, como oínte, ás clases das materias xa superadas.

O límite de permanencia en cada curso de grao elemental será de dous anos, sen que o alumnado poida permanecer máis de cinco anos no devandito grao.

### **Ampliación de matrícula excepcional**

É competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno/a asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquelao que aspire a acceder.

### **Probos Extraordinarias**

Terán lugar no mes de setembro.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará no calendario escolar do presente curso, a marxe de días para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias co fin de facilitar ao alumnado a recuperación de materias con avaliación

negativa.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá nunha interpretación práctica no instrumento baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- Técnica xeral: 35%
- Son e afinación: 30%
- Interpretación (musicalidade, matización, etc): 35%

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

## **I) ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS**

Durante o curso terán lugar os seguintes eventos:

- Festival de Nadal.
- Dúas audicións públicas.
- Concerto didáctico para os colexios.
- Día do Conservatorio na rúa.
- Festival de fin de curso.
- Conmemoración do día de Santa Cecilia.

## **J) PROCEDIMENTOS PARA REALIZAR E REVISAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA, ASÍ COMO A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO**

1. Mensualmente realizarase unha reunión monotemática do departamento, na que se analizará o desenvolvemento dos obxectivos e contidos programados, así como do cumprimento en xeral da programación didáctica deste curso.
2. Elaboración, rematado o curso, dunha memoria anual do cumprimento da programación didáctica do departamento.
3. En todos os departamentos didácticos do centro realizarase unha reunión trimestral



adicada á autoavaliación do departamento, onde se analizarán:

- Propostas formuladas ou falta delas, ao equipo directivo relativas á xestión do centro.
- Propostas formuladas ou falta delas, á comisión de coordinación pedagóxica, relativas ao desenvolvemento curricular.
- Consecución ou non das actividades culturais e eventos programados ao principio de curso.
- Avaliación do proceso de ensino durante o curso. En que se pode millorar.

## **K) INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

Empregarase a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento contínuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente adaptación da programación didáctica a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

Logo de recepcionadas as programacións didácticas, a dirección do centro procederá á publicación das mesmas no sitio web có fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.

### **3º CURSO ENSINANZAS ELEMENTAIS**

#### **A)OBXECTIVOS**

- 1º Asumir e interiorizar unha posición corporal que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo-antebrazo-muñeca-mans-dedos esquerdos sobre o diapasón e dereitos sobre as cordas.
- 2º Recoñecer os distintos timbres do instrumento, desenvolvendo ao mesmo tempo a calidade sonora e utilizándoa segundo as esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como colectiva.
- 3º Coñecer e traballar a respiración como elemento importante para a práctica instrumental.
- 4º Desenvolver a capacidade de memorización de pezas e motivos adecuados o nivel técnico do alumno.
- 5º Potenciar o traballo en grupo para habituarse a escoitar outras voces e adaptarse harmonicamente o conxunto.
- 6º Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista que permita participar nun conxunto e ter acceso a un repertorio máis amplo.
- 7º Adquirir conciencia da importancia do traballo individual e a capacidade para escoitar e ser crítico consigo mesmo.
- 8º Dominar os contidos expostos para este curso.
- 9º Interpretar pezas con diferentes problemas técnicos e de diferentes estilos.
- 10º Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.

#### **2.3.2. CONTIDOS**

##### **Primeira avaliación**

- a) Práctica de acordes: simultáneos, arpexados e rasgueados.
- b) Práctica de ligados de tres notas (ascendentes e descendentes).
- c) Práctica de arpexos de seis notas.
- d) Práctica de escala de mi menor nunha oitava (I posición).
- e) Interpretación como mínimo de dous estudos e unha peza.

##### **Segunda avaliación**

- a) Práctica de harmónicos naturais.
- b) Práctica de afinación utilizando harmónicos.

- c) Práctica de escala de Sol M (I e II posición).
- d) Interpretación como mínimo de tres estudos e duas pezas.

### **Terceira avaliación**

- a) Práctica de escala de mi menor armónica (VII posición).
- b) Iniciación ao estudo das notas de adorno por medio da técnica dos ligados.
- c) Interpretación como mínimo de catro estudos e catro pezas.

Realizaranse as adaptacións necesarias das programacións didácticas do seguinte curso 2020-2021, para incorporar aqueles obxectivos e contidos que, polas circunstancias especiais do terceiro trimestre, non puidesen ser abordados.

## **C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Na aplicación dos criterios de avaliación e mínimos esixibles respectivamente terase en conta en todo momento que o grao de profundización e destreza/técnica requiridos estarán baseados soamente na primeira e segunda avaliación. De ser posible, ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación). De ser necesario, tendo en conta as circunstancias anteriormente referidas, poderase incorporar, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puidese desenvolver.

### **Conceptuais**

- 1º Elementos musicais: frase e cadencia.
- 2º O acorde de catro notas.
- 3º Arpexos de catro notas.
- 4º Escalas.
- 5º Ligados.
- 6º Cellas.

### **Procedimentais**

- 1º Desenvolvemento progresivo da calidade sonora.
- 2º Iniciación ao coidado das uñas.
- 3º Práctica de acordes simultáneos e arpexiados.
- 4º Práctica de ligados sinxelos tanto ascendentes como descendentes.
- 5º Práctica de cellas.
- 6º Execución de escalas de ata dúas oitavas.

- 7º Perfeccionamento da afinación por equísonos e oitavas.
- 8º Interpretación das distintas pezas respectando as indicacións sobre dinámica e articulación.
- 9º Utilización dos recursos tímbricos do instrumento dependendo do lugar de pulsación na interpretación das diferentes pezas.
- 10º Práctica da lectura a primeira vista de melodías sinxelas.
- 11º Interpretación dalgunhas pezas en público.
- 12º Desenvolvemento progresivo da memoria.
- 13º Práctica de música de conxunto.
- 14º Consolidación duns correctos hábitos de estudio e unha boa distribución temporal do traballo a realizar.

### **Actitudinais**

- 1º Desenvolvemento e valoración do propio esforzo.
- 2º Actitude de respecto ante o profesor e o resto dos compañeiros.
- 3º Valoración do silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e a interpretación.
- 4º Actitude crítica ante a propia interpretación.
- 5º Participación nas actividades do centro, concertos, audicións, actividades complementarias.
- 6º Respecto polas normas de actuación en grupo.

### **Criterios de avaliación xerais do curso :**

- Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a.
- Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso.
- Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a.
- Participar nas actividades (cursos, concertos, recitais de alumnos, etc.) organizadas polo departamento.
- Asistir regularmente ás aulas individuais e colectivas, mantendo unha actitude correcta.

### **Criterios de avaliación por trimestres (mínimos esixibles):**

Contidos mínimos/mínimos esixibles

#### **Primeira avaliación**

- a) Práctica de acordes: simultáneos, arpexados e rasgueados.

- b) Práctica de ligados de tres notas (ascendentes e descendentes).
- c) Práctica de arpejos de seis notas.
- d) Práctica de escala de mi menor nunha oitava (I posición).
- e) Interpretación de dous estudos e unha peza.

### **Segunda avaliación**

- a) Práctica de harmónicos naturais.
- b) Práctica de afinación utilizando harmónicos.
- c) Práctica de escala de Sol M (I e II posición).
- d) Interpretación de tres estudos e dúas pezas.

### **Terceira avaliación**

Reforzo dos contidos e actividades das anteriores avaliacións. Se modifican os criterios de avaliación valorando especialmente a progresión na consecución dos obxectivos xerais do curso. Os criterios da terceira avaliación terán un carácter diagnóstico e formativo e permitirán as adaptacións necesarias da programación didáctica do seguinte curso académico 2020-2021, para incorporar aqueles obxectivos e contidos que, debido ás circunstancias especiais do terceiro trimestre, non se poderían abordar.

## **D) PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

1º Avaliación inicial: a súa utilidade é identificar os coñecementos previos e aptitudes do alumno. Este procedemento permite analizar o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior.

2º A avaliación continua: consiste nun seguimento persoal do alumno na aula. O alumno recibirá un boletín de notas con calificacións trimestrais. Aínda que a avaliación e continua o alumno está obrigado a participar nun mínimo dunha audición por trimestre, segundo o criterio do profesor. A non participación sen causa xustificada implicaría a perda de avaliación continua.

3º Actividades de autoavaliación do alumnado:

- Emprego de gravacións de audio do repertorio traballado se o material do centro permite esta actividade.
- Cada alumno pode levar un diario no que conste o traballo de cada semana coa súa propia autoavaliación, baixo a supervisión do profesor.

O profesor debe fomentar a independencia e autocrítica do alumno sobre o seu traballo e resultados obtidos co mesmo, por esta razón sexan estas ou outras actividades, considérase importante o desenvolvemento deste apartado da avaliación.

#### 4º Instrumentos de avaliación

- Seguimento académico individual do/a alumno/a, tendo en conta que as aulas son semanais e a avaliación é continua.
- Participación nas audicións organizadas polo departamento. O alumno ou alumna terá a obriga de participar nas audicións organizadas polo departamento unha vez que o profesor/a lle comunique a data e a/s obra/s a interpretar. A avaliación da mesmas é responsabilidade única do profesor correspondente, que terá en conta os criterios de avaliación e contidos propios de cada curso de acordo coa presente programación. O control das mesmas levarase co mesmo sistema que o das clases semanais.
- Poderase valorar positivamente a participación do/a alumno/a nas actividades voluntarias organizadas polo centro.

Tipos de avaliación que empregaremos durante este trimestre:

Avaliación Continua: Levarase a cabo de maneira integral, valorando a reforzo e recuperación dos dous primeiros trimestres, así como a ampliación das aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo real decreto 463/2020, sempre e cando se beneficie ao alumnado.

O procedemento da avaliación valorará mediante distintos medios telemáticos e técnicas audiovisuais (envío e recepción de audio/video), probas escritas, probas orais, traballos, etc...as aprendizaxes do/a alumno/a, deixando constancia dos resultados obtidos empregando o procedemento ordinario (ficha de seguimento do alumnado) e nunca minorando a cualificación.

#### **Dúas serán as actividades de recuperación:**

- a. Recuperación trimestral. Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior.
- b. Recuperación final. Se realizará un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso.

#### **Procedemento para a recuperación da 1ª-2ª avaliación:**

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización de clases por videochamada, probas e/ou envío de gravacións de audio/video que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica. As actividades realizadas por medios telemáticos

logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

De non contar con información obxectiva sobre actividades realizadas polo/a alumno/a logo da declaración do estado de alarma, poderase realizar unha proba alternativa por medios telemáticos (videoconferencia, envío de gravación de audio/vídeo... preferentemente por mecanismos similares aos empregados para a comunicación co alumnado logo da declaración do estado de alarma) para efectuar a avaliación nas materias pendentes.

### **Avaliación de materias pendentes:**

Partindo das instrucións do 27 de abril de 2020, que establece no seu punto 8.10:

A recuperación de materias pendentes relacionadas coa práctica instrumental, vocal ou de danza farase na clase do curso seguinte.

Tendo en conta esta premisa, avaliarase e cualificarase ao alumnado coa presente modificación da programación didáctica do curso anterior (2º de EE.EE.) en todos os seus apartados, tendo en conta que se realiza de forma integrada na materia instrumental do presente curso.

As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

### **Medidas de Atención á Diversidade:**

As adaptacións curriculares precisarán a autorización da inspección educativa correspondente. As condicións de realización serán as seguintes:

a) Modificación dos obxectivos, que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados, se é o caso; os contidos, que tamén poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e mesmo suprimidos.

b) Estarán dirixidas a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír cualidades excepcionais, non poden segui-lo proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.

c) O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ó alumno, coa colaboración do seminario ou departamento didáctico e, se é o caso, de calquera outro profesional que participe na atención ó devandito alumno.

Na elaboración das adaptacións curriculares individuais do alumnado con sobredotación seguiránse dous tipos de estratexias:

- Adaptarase o currículo de ampliación ou enriquecemento vertical: aumentando cantidade de contidos a aprender nunha ou varias áreas.
- A ampliación curricular de enriquecemento horizontal: O aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, prevalecendo a profundización e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.
- Especial atención a alumnos sen conexión a internet, adoptando as medidas necesarias para poder achegarlles o traballo e poidan seguir reforzando as obras e estudos do programa, así como realizar conexión telefónicas de acción tutorial.

## **E) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Tendo en conta que se trata dunha materia baseada na práctica instrumental considérase que se trata dun proceso de evolución progresiva e contínua, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado na 2ª avaliación non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración técnica e persoal desde o comezo do curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento:

Tomarase como referencia a cualificación obtida na 2ª avaliación tendo en conta o carácter contínuo da materia e poderá incrementarse en 2 puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

- Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a.
- Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso.
- Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a.
- Participar nas actividades organizadas polo departamento.



- Asistir regularmente ás aulas e manter unha actitude correcta.

## **F) ENFOQUE METODOLÓXICO**

O alumno contará cunha clase individual de sesenta minutos e a posibilidade de participar, en función da disponibilidad do centro, nunha clase colectiva que complementará os contidos da clase individual e fomentará o traballo en grupo.

Os primeiros cursos esixen unha metodoloxía adaptada os coñecementos previos e as aptitudes de cada alumno. Numerosos son os métodos que o profesor ten a súa disposición, pero en moitos casos ningún deles cubre todas as necesidades do alumno.

O profesor debe ser imaxinativo para crear xogos e actividades que permitan o traballo dos contidos a acadar. A motivación é esencial para que o alumno sinta a necesidade de continuar na indagación das posibilidades expresivas que lle ofrece a guitarra.

As actividades didácticas que se levarán a cabo nas clases son as seguintes:

- Traballo de obras que permitan o desenvolvemento dos obxectivos e contidos propios do curso.
- Contextualización das obras a través do análise e compilación de datos que levarán a cabo os alumnos sobre os autores e períodos musicais.
- Traballo da lectura a primeira vista.
- Audicións que permitan a mellora da capacidade crítica dos estudantes e que favorezan a estimulación da práctica na casa.
- Traballo da música en grupo nas clases colectivas.
- Participación nas audicións propostas polo departamento co fin de exteriorizar o traballo realizado ao longo do curso.

Debido á situación creada polo COVID-19, farase un uso intensivo das TIC, neste caso das apps de videoconferencia gratuítas como Skype, Google Duo e mesmo Whatsapp. Así mesmo enviaranse vídeos das obras/estudos a traballar durante o curso (a distintas velocidades) para que sirva de apoio e referente aos alumnos e estes, á súa vez, enviarán vídeos para levar un control semanal do traballo realizado o que completará o seguimento semanal que se realizará mediante videoconferencia.

## **G) RECURSOS DIDÁCTICOS ORIENTATIVOS**

Como mínimo catro estudos (con diferente formulación técnica) e catro obras (de dous estilos diferentes) a

escolher entre as seguintes ou outras da mesma dificuldade:

## **I. Estudos**

Essential Guitar Skill, Ed. Ricordi B. Lester

A barra: n.º 1, 3, 4 e 6

A escala: n.º 8, 9, 10 e 12

O trémolo: n.º 1, 2, 8, 10 e 11.

O arpejo: n.º 2, 4 e 5.

## **II. Obras**

Branle IX, The easy Guitar, R. Chiesa, Ed. Suvini Zerboni A. Le Roy

Almande, The easy Guitar, R. Chiesa, Ed. Suvini Zerboni A. Le Roy

Gavota, Escuela de Guitarra Vol. 2 da 1ª ed.T. Camacho, Ed. Real Musical L. Roncalli

Greensleeves, Escuela de Guitarra Vol. 2 da 1ª ed.T. Camacho, Ed. Real Musical

Anónimo XVI

Ricercar II, Antologia di Musica Antica Vol. II, R. Chiesa, Ed. Suvini Zerboni J. Mª. Da  
Crema

Estudo nº 4, Coleção de peças clássicas para 2º ano, I. Savio, Ed. Ricordi F. Sors

Estudo nº 7, Coleção de peças clássicas para 2º ano, I. Savio, Ed. Ricordi F. Sors

Estudo nº 3, Coleção de peças clássicas para 2º ano, I. Savio, Ed. Ricordi M. Giuliani

Divertimento, The easy Guitar, R. Chiesa, Ed. Suvini Zerboni M. Giuliani

Estudo nº 10, Coleção de peças clássicas para 2º ano, I. Savio, Ed. Ricordi F. Tárrega

Estudo nº 2, Études Simples, 1ª serie, Ed. M. Eschig L. Brouwer

Estudo nº 3, Études Simples, 1ª serie, Ed. M. Eschig L. Brouwer

Estudo nº 4, Études Simples, 1ª serie, Ed. M. Eschig L. Brouwer

Estudo nº 5, Études Simples, 1ª serie, Ed. M. Eschig L. Brouwer

Estudo nº 8, Études Simples, 2ª serie, Ed. M. Eschig L. Brouwer

Preludio, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle J. Zenamon

Paisaje, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle J. Zenamon

Grekos, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle G. Zarb

Drones, Modern Times Vol. II, Ed. Chanterelle G. Biberian

Viñeta II, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle E. Cordero

Carrousel, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman G. Montreuil

São Paulo, Divertissements pour guitare, Vol.II, Ed. Doberman G. Montreuil

Françoise, Divertissements pour guitare, Vol.II, Ed. Doberman G. Montreuil

Pascale, Divertissements pour guitare, Vol.II, Ed. Doberman G. Montreuil

Dolores, Divertissements pour guitare, Vol.II, Ed. Doberman G. Montreuil  
Karina, Divertissements pour guitare, Vol.II, Ed. Doberman G. Montreuil  
Vinde ver o neno, A guitarra e a música tradicional, M. H. Iglesias Vázquez

### **Recursos xerais:**

Guitarra, banquillo de guitarra, metrónomo, atril.

### **Bibliografía**

Essential guitar skill (The scale, the barré, the arpeggio, the trémolo) B. Lester  
Études simples 1ª e 2ª serie, Ed. M. Eschig L. Brouwer  
Antologia di Musica Antica, Vol.II, Ed. Suvini Zerboni R. Chiesa  
- Emprego de gravacións de audio do repertorio traballado se o material do centro permite esta actividade.
- Cada alumno pode levar un diario no que conste o traballo de cada semana coa súa propia autoavaliación, baixo a supervisión do profesor.

O profesor debe fomentar a independencia e autocrítica do alumno sobre o seu traballo e resultados obtidos co mesmo, por esta razón sexan estas ou outras actividades, considérase importante o desenvolvemento deste apartado da avaliación.

4º Instrumentos de avaliación

- Seguimento académico individual do/a alumno/a, tendo en conta que as aulas son semanais e a avaliación é continua.
- Participación nas audicións organizadas polo departamento. O alumno ou alumna terá a obriga de participar nas audicións organizadas polo departamento unha vez que o profesor/a lle comunique a data e a/s obra/s a interpretar. A avaliación da mesmas é responsabilidade única do profesor correspondente, que terá en conta os criterios de avaliación e contidos propios de cada curso de acordo coa presente programación. O control das mesmas levarase co mesmo sistema que o das clases semanais.
- Poderase valorar positivamente a participación do/a alumno/a nas actividades voluntarias organizadas polo centro.

Tipos de avaliación que empregaremos durante este trimestre:

Avaliación Continua: Levarase a cabo de maneira integral, valorando a reforzo e recuperación dos dous primeiros trimestres, así como a ampliación das aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo real decreto 463/2020, sempre e cando se beneficie ao alumnado.

O procedemento da avaliación valorará mediante distintos medios telemáticos e técnicas audiovisuais (envío e recepción de audio/video), probas escritas, probas orais, traballos, etc...as aprendizaxes do/a alumno/a, deixando constancia dos resultados obtidos empregando o procedemento ordinario (ficha de seguimento do alumnado) e nunca minorando a cualificación.

#### **Dúas serán as actividades de recuperación:**

- a. Recuperación trimestral. Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior.
- b. Recuperación final. Se realizará un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso.

#### **Procedemento para a recuperación da 1ª-2ª avaliación:**

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización de clases por videochamada, probas e/ou envío de gravacións de audio/video que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica. As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

De non contar con información obxectiva sobre actividades realizadas polo/a alumno/a logo da declaración do estado de alarma, poderase realizar unha proba alternativa por medios telemáticos (videoconferencia, envío de gravación de audio/vídeo... preferentemente por mecanismos similares aos empregados para a comunicación có alumnado logo da declaración do estado de alarma) para efectuar a avaliación nas materias pendentes.

#### **Avaliación de materias pendentes:**

Partindo das instrucións do 27 de abril de 2020, que establece no seu punto 8.10:

A recuperación de materias pendentes relacionadas coa práctica instrumental, vocal ou de danza farase na clase do curso seguinte.

Tendo en conta esta premisa, avaliarase e cualificarase ao alumnado coa presente modificación da programación didáctica do curso anterior (4º de EE.PP.) en todos os seus apartados, tendo en conta que se realiza de forma integrada na materia instrumental do presente curso.

As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

### **Medidas de Atención á Diversidade:**

As adaptacións curriculares precisarán a autorización da inspección educativa correspondente. As condicións de realización serán as seguintes:

- a) Modificación dos obxectivos, que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados, se é o caso; os contidos, que tamén poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e mesmo suprimidos.
- b) Estarán dirixidas a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír cualidades excepcionais, non poden segui-lo proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.
- c) O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ó alumno, coa colaboración do seminario ou departamento didáctico e, se é o caso, de calquera outro profesional que participe na atención ó devandito alumno.

Na elaboración das adaptacións curriculares individuais do alumnado con sobredotación seguiránse dous tipos de estratexias:

- Adaptarase o currículo de ampliación ou enriquecemento vertical: aumentando cantidade de contidos a aprender nunha ou varias áreas.
- A ampliación curricular de enriquecemento horizontal: O aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, prevalecendo a profundización e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.
- Especial atención a alumnos sen conexión a internet, adoptando as medidas necesarias

para poder chegarlles o traballo e poidan seguir reforzando as obras e estudos do programa, así como realizar conexión telefónicas de acción tutorial.

## **E) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Tendo en conta que se trata dunha materia baseada na práctica instrumental considérase que se trata dun proceso de evolución progresiva e continúa, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado na 2ª avaliación non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración técnica e persoal desde o comezo do curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento:

Tomarase como referencia a cualificación obtida na 2ª avaliación tendo en conta o carácter contínuo da materia e poderá incrementarse en 2 puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

- Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a.
- Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso.
- Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a.
- Participar nas actividades organizadas polo departamento.
- Asistir regularmente ás aulas e manter unha actitude correcta.

## **F) ENFOQUE METODOLÓXICO**

A metodoloxía no grao profesional debe estar baseado na atención individualizada do profesor as necesidades e aptitudes de cada alumno. Na búsqueda por alcanzar os obxectivos propostos, as estratexias formativas deben ser diferentes para cada estudante. Entre as diferentes estratexias que podemos propoñer algunhas poderían ser:

- Utilización dun equipo de gravación para rexistrar a interpretación total da obra o de algunha sección en especial.
- Explicación por parte do profesor da partitura correspondente, a través do análise nos seus aspectos formais, melódicos, harmónicos e outros adaptados ó curso



correspondente

- Audicións de obras ou fragmentos de diferentes estilos e posterior debate sobre os distintos aspectos que as conforman.
- Traballo dunha obra obrigada imposta polo departamento.
- Traballo de lectura a primeira vista.
- Pedirase ó alumno recopilación sobre época, obra, autor, das partituras que se van a traballar.
- Traballo da improvisación e harmonía para a aplicación as obras que se están a estudar.

Debido á situación creada polo COVID-19, farase un uso intensivo das TIC, neste caso das apps de videoconferencia gratuítas como Skype, Google Duo e mesmo Whatsapp. Así mesmo enviaranse vídeos das obras/estudos a traballar durante o curso (a distintas velocidades) para que sirva de apoio e referente aos alumnos e estes, á súa vez, enviarán vídeos para levar un control semanal do traballo realizado o que completará o seguimento semanal que se realizará mediante videoconferencia.

## **G) RECURSOS DIDÁCTICOS ORIENTATIVOS**

Como mínimo haberá que escoller tres estudos (con diferente formulación técnica) e catro obras. Será obrigatorio elixir tres dos estilos a, b, c, e dúas do apartado d. Todo o programa interpretarase de memoria.

As obras poden ser desta lista ou outras da mesma dificultade e características técnicas e musicais:

### **I. Estudos**

Estudo nº 13 Op. 29 e nº 24 Op. 31, Complete Studies, Ed. Chanterelle F. Sors

Estudo n.º 3, Obra completa, Ed. R. Stover A. Barrios

Estudo n.º 4, nº 5 e n.º 6, Obra completa para guitarra, Ed. Max Eschig H. Villa-Lobos

### **II. Obras**

a)

Fantasía X A. Mudarra

Fantasías IX, XVI, El Maestro L. Milán

b)

Adagio e Siciliana - Sonata I BWV 1001, M. Barrueco, Ed. Schott J. S. Bach

Andante e Allegro - Sonata II BWV 1003, M. Barrueco, Ed. Schott J. S. Bach

Adagio e Largo - Sonata III BWV 1005, M. Barrueco, Ed. Schott J. S. Bach

Gavotte I e II - Suite BWV 1012 J. S. Bach

Sonata K 232, D. Russell, Ed. Doberman D. Scarlatti

Sonata K 292, M. Barrueco, Ed. Schott D. Scarlatti

c)

Introducción e variacións "Gentil Housard" Op. 27, Ed. Gendai Guitar F. Sors

Sonata Op. 15, H. Tokuoka, Ed. Gendai Guitar F. Sors

Allegro da Sonata Op. 15, K. Scheit, Ed. UE M. Giuliani

Capricho Árabe, Obras para Guitarra, Ed. Gendai Guitar F. Tárrega

Julia Florida, Obra Completa Vol. 3, Ed. R. D. Stover A. Barrios

Una limosna por el amor de Dios, Obra Completa, Ed. R. D. Stover A. Barrios

d)

Prelúdio n.º 5, Obra completa para guitarra, Ed. Max Eschig H. Villa-Lobos

Chôro nº1, Obra completa para guitarra, Ed. Max Eschig H. Villa-Lobos

Mazurka-Chôro, Obra completa para guitarra, Ed. Max Eschig H. Villa-Lobos

Ya llega el Invierno, La Pastora, Seguidilla, Aires de La Mancha, Ed. Ópera Tres F. M.

Torroba

Bagatelle II, Five Bagatelles for Guitar, Ed. Oxford UP W. Walton

Cançoneta e Danza, Suite Valenciana, Ed. Bérben V. Asencio

En los trigales, Ed. N. Yepes J. Rodrigo

Guitarreando e Zambeando, Obras para guitarra, Ed. A. Mark J. Morel

El Arpa del Guerrero e La huída de los amantes, El Decamerón Negro, Ed. EMT L.

Brouwer

(Poderase substituír un estudo ou obra por unha obra de cámara)

### **Recursos xerais:**

Guitarra, banquillo de guitarra, metrónomo, atril e limas.

### **Bibliografía**

El Maestro L. Milán

Diferentes pezas, Ed. Max Eschig L. Brouwer

Obra completa para guitarra, Ed. Max Eschig H. Villa-Lobos

Obra completa para laúde, F. Koonce, Ed. Kjos J. S. Bach

Obras para Guitarra, Ed. Gendai Guitar F. Tárrega

Obra completa, Ed. R. D. Stover A. Barrios

Sonatas para violino, M. Barrueco, Ed. Schott J. S. Bach

Sonatas, David Russell, Ed. Doberman, M. Barrueco, Ed. Schott D. Scarlatti

La Guitare Classique, Vol. D, Ed. M. Combre J.-M. Mourat

The Dowland Collection, J. Suryanata, Ed. AMP J. Dowland

Oevres Complètes pour Guitare, R. Strizich, Ed. Le Pupitre R. de Visée

The Complete Studies for Guitar, Ed. Chanterelle F. Sors

## **H) PROCEDEMENTO DE ACCESO AO CURRÍCULO:**

A proba práctica de acceso a este curso efectuarase segundo a lexislación que a regula, o decreto 198/2007 e a circular 4/2008 da consellería de educación . Será publicada no mes de abril no taboleiro de anuncios coas obras e estudos que se requirirán, integradas nos contidos da programación didáctica do 4º curso de Grao Profesional deste currículo. Estas obras e estudos terán un carácter orientativo. Os criterios de avaliación serán os seguintes:

- Técnica xeral: 35%
- Son e afinación: 30%
- Interpretación (musicalidade, matización, etc): 35%

As porcentaxes xerais para elaborar a nota son:

- Linguaxe Musical: 30%
- Instrumento: 70%

## **Promoción e Permanencia**

O alumnado pasará ao curso superior cando teña superadas as materias cursadas ou teña avaliación negativa, como máximo, en dúas materias. No suposto de que a materia pendente sexa de práctica instrumental ou vocal, a recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte, se forma parte del. No resto dos casos, o alumnado deberá asistir ás clases das materias non superadas no curso anterior. A cualificación negativa en tres ou máis materias dun curso ou impedirá a promoción do alumnado ao curso seguinte.

En relación co punto anterior, o centro poderá, segundo a súa dispoñibilidade, autorizar a asistencia do alumnado con unha ou dúas materias pendentes, como oínte, ás clases das materias xa superadas.

O alumnado que no remate do sexto curso tivese pendente de avaliación positiva tres

materias ou máis deberá repetir o curso na súa totalidade. Cando a cualificación negativa se produza en unha ou dúas materias, só cumprirá que realice as materias pendentes. O límite de permanencia nas ensinanzas profesionais será de oito anos. O alumnado non poderá permanecer máis de dous anos no mesmo curso, bardante no sexto curso.

### **Ampliación de matrícula excepcional**

É competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno/ a asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquelao que aspire a acceder.

### **Probas extraordinarias**

Terán lugar no mes de setembro.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará no calendario escolar do presente curso, a marxe de días para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias co fin de facilitar ao alumnado a recuperación de materias con avaliación negativa.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá nunha interpretación práctica no instrumento baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- Técnica xeral: 35%
- Son e afinación: 30%
- Interpretación (musicalidade, matización, etc): 35%

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

## **I) ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSIANZAS**

Durante o curso terán lugar os seguintes eventos:

- Festival de Nadal.
- Dúas audicións públicas.
- Concerto didáctico para os colexios.
- Día do Conservatorio na rúa.
- Festival de fin de curso.
- Conmemoración do día de Santa Cecilia.

## **J) PROCEDIMENTOS PARA REALIZAR E REVISAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA, ASÍ COMO A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO**

1. Mensualmente realizarase unha reunión monotemática do departamento, na que se analizará o desenvolvemento dos obxectivos e contidos programados, así como do cumprimento en xeral da programación didáctica deste curso.

2. Elaboración, rematado o curso, dunha memoria anual do cumprimento da programación didáctica do departamento.

3. En todos os departamentos didácticos do centro realizarase unha reunión trimestral adicada á autoavaliación do departamento, onde se analizarán:

- Propostas formuladas ou falta delas, ao equipo directivo relativas á xestión do centro.
- Propostas formuladas ou falta delas, á comisión de coordinación pedagóxica, relativas ao desenvolvemento curricular.
- Consecución ou non das actividades culturais e eventos programados ao principio de curso.
- Avaliación do proceso de ensino durante o curso. En que se pode millorar.

## **K) INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

Empregarase a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento contínuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente adaptación da programación didáctica a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

Logo de recepción das programacións didácticas, a dirección do centro procederá á publicación das mesmas no sitio web có fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.

## **6º CURSO ENSINANZAS PROFESIONAIS**

### **A) OBXECTIVOS**

1º Interpretar un repertorio composto por catro obras e dous estudos entre os propostos para este curso, comezando a desenvolver unha capacidade de memorización de parte do repertorio.

2º Demostrar un axeitado seguimento das indicacións que aparecen nas distintas obras e estudos, así como das suxerencias do profesor no estudio diario, para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación, aplicando os coñecementos adquiridos sobre o novo repertorio.

3º Traballar as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da literatura para guitarra e a súa grafía musical para tocar o repertorio de acordo con elas, distinguindo o estilo musical de cada período.

4º Practicar a música de conxunto dentro da clase de conxunto instrumental para saberse escoitar cada vez máis a si mesmo e aos demais, con sentido crítico constructivo, adaptándose ao conxunto e integrándose dentro do resultado sonoro do grupo.

5º Valorar a interpretación en público como un feito natural das ensinanzas de música para actuar en público con seguridade, amosando ao menos unha vez ao trimestre o resultado do seu traballo.

6º Ampliar o dominio corporal para acadar unha técnica máis depurada que favoreza a práctica musical.

7º Dominar progresivamente as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento para a súa aplicación no repertorio.

8º Desenvolver progresivamente as competencias da memoria e a lectura a primeira vista.

9º Empregar a escoita polifónica que permita a comprensión e mellor interpretación das obras.

10º Comezar a distinguir con autonomía os distintos elementos que forman parte de la obra musical, para aplicar os coñecementos teóricos xunto ás cuestións relacionadas coa interpretación, para obter unha interpretación axeitada dentro de cada estilo.

11º Consolidar os hábitos de estudio e optimizar o rendemento do traballo persoal.

12º Interpretar en público unha serie de obras coa suficiente seguridade que permita unha vivencia plena do acto musical.

### **B) CONTIDOS**

### **Primeira avaliación**

- a) Interpretación de memoria dun dos estudos.
- b) Interpretación dunha obra do programa.
- c) Realización de unha interpretación en público.
- d) Preparación da lectura e dixitación das pezas do 2.º trimestre.

### **Segunda avaliación**

- a) Interpretación de memoria doutro dos estudos.
- b) Interpretación de dúas pezas máis do programa.
- c) Realización de unha interpretación en público.
- d) Preparación da lectura e dixitación das pezas do 3.º trimestre.

### **Terceira avaliación**

- a) Interpretación das dúas pezas restantes do programa
- b) Interpretación do terceiro estudo.
- c) Traballo en agrupacións camerísticas.
- d) Desenvolvemento dos diferentes elementos técnicos traballados ata entón.
- e) Repaso de todo o programa.
- f) Realización de unha interpretación en público.

## **C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Na aplicación dos criterios de avaliación e mínimos esixibles respectivamente terase en conta en todo momento que o grao de profundización e destreza/técnica requiridos estarán baseados soamente na primeira e segunda avaliación. De ser posible, ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación). De ser necesario, tendo en conta as circunstancias anteriormente referidas, poderase incorporar, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puidese desenvolver.

Seguiranse os seguintes criterios:

### **Conceptuais**

- 1º Estructuras formais.
- 2º Historia básica da guitarra e da súa familia de instrumentos.
- 3º A interpretación en público, expresión das intencións musicais.

4º Valores estéticos presentes nas diversas formas, épocas e estilos musicais.

5º Os hábitos de estudo.

### **Procedimentais**

1º Traballo técnico contido nos diferentes estudos.

2º Interpretación de obras do repertorio utilizando os recursos expresivos do instrumento.

3º Profundización no análise das obras do repertorio dende un punto de vista formal, melódico e harmónico.

4º Dixitación de obras ou pasaxes problemáticos e a súa correspondencia co resultado musical: análise das distintas posibilidades de dixitación.

5º Realización de exercicios técnicos orientados á superación de certas dificultades do repertorio.

6º Realización de ornamentos e o seu uso de acordo coas esixencias das distintas épocas e estilos.

7º Perfeccionamento da calidade sonora.

9º Logro dunha maior diferenciación dos planos sonoros dentro da trama polifónica das obras e dun maior equilibrio dos niveis e calidades dos sons resultantes.

10º Afianzamento no uso de harmónicos oitavados.

11º Traballo máis acentuado do fraseo musical e a súa articulación de acordo co estilo musical na interpretación do repertorio.

12º Lectura a primeira vista.

13º Traballo das diferentes estratexias para memorizar as pezas.

14º Interpretación de algunhas pezas ou estudos de memoria.

15º Realización e análise de audicións de obras para guitarra.

16º A interpretación pública como medio de expresión persoal.

### **Actitudinais**

1º Interese por desenvolver a capacidade de ler a primeira vista.

2º Curiosidade por analizar a música do repertorio para unha mellor comprensión da obra.

3º Decisión e autonomía progresiva á hora de abordar unha obra nova.

4º Valoración da riqueza expresiva dos matices e a articulación na interpretación musical.

5º Actitude positiva de autocrítica sobre o traballo realizado.

6º Interese por comunicar as ideas propias, empregando as posibilidades expresivas do instrumento.

7º Interese pola escoita do repertorio histórico da guitarra e pola asistencia a audicións e recitais organizados polo departamento.



8º Actitude positiva a interpretación pública das obras traballadas ao longo do curso.

**Criterios de avaliación xerais do curso :**

- Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a.
- Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso.
- Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a.
- Participar nas actividades (cursos, concertos, recitais de alumnos, etc.) organizadas polo departamento.
- Asistir regularmente ás aulas individuais e colectivas, mantendo unha actitude correcta.

**Criterios de avaliación por trimestres (mínimos esixibles):**

Contidos mínimos/mínimos esixibeis

**Primeira avaliación**

- a) Interpretación de memoria dun dos estudos.
- b) Interpretación dunha obra do programa.
- c) Realización dunha interpretación en público.
- d) Preparación da lectura e dixitación das pezas do segundo trimestre.

**Segunda avaliación**

- a) Interpretación de memoria doutro dos estudos.
- b) Interpretación de dúas pezas máis do programa.
- c) Realización dunha interpretación en público.
- d) Preparación da lectura e dixitación das pezas do terceiro trimestre.

**Terceira avaliación**

Reforzo dos contidos e actividades das anteriores avaliacións. Se modifican os criterios de avaliación valorando especialmente a progresión na consecución dos obxectivos xerais do curso. Os criterios da terceira avaliación terán un carácter diagnóstico e formativo e permitirán as adaptacións necesarias da programación didáctica do seguinte curso académico 2020-2021, para incorporar aqueles obxectivos e contidos que, debido ás circunstancias especiais do terceiro trimestre, non se poderían abordar.

**D) PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

1º Avaliación inicial: a súa utilidade é identificar os coñecementos previos e aptitudes do alumno. Este procedemento permite analizar o grao de consecución dos obxectivos do

curso anterior.

2º A avaliación continua: consiste nun seguimento persoal do alumno na aula. O alumno recibirá un boletín de notas con calificacións trimestrais. Aínda que a avaliación e continua o alumno está obrigado a participar nun mínimo dunha audición por trimestre, segundo o criterio do profesor. A non participación sen causa xustificada implicaría a perda de avaliación continua.

3º Actividades de autoavaliación do alumnado:

- Emprego de gravacións de audio do repertorio traballado se o material do centro permite esta actividade.

- Cada alumno pode levar un diario no que conste o traballo de cada semana coa súa propia autoavaliación, baixo a supervisión do profesor.

O profesor debe fomentar a independencia e autocrítica do alumno sobre o seu traballo e resultados obtidos co mesmo, por esta razón sexan estas ou outras actividades, considérase importante o desenvolvemento deste apartado da avaliación.

4º Instrumentos de avaliación

- Seguimento académico individual do/a alumno/a, tendo en conta que as aulas son semanais e a avaliación é continua.

- Participación nas audicións organizadas polo departamento. O alumno ou alumna terá a obriga de participar nas audicións organizadas polo departamento unha vez que o profesor/a lle comunique a data e a/s obra/s a interpretar. A avaliación da mesmas é responsabilidade única do profesor correspondente, que terá en conta os criterios de avaliación e contidos propios de cada curso de acordo coa presente programación. O control das mesmas levarase co mesmo sistema que o das clases semanais.

- Poderase valorar positivamente a participación do/a alumno/a nas actividades voluntarias organizadas polo centro.

Tipos de avaliación que empregaremos durante este trimestre:

Avaliación Continua: Levarase a cabo de maneira integral, valorando a reforzo e recuperación dos dous primeiros trimestres, así como a ampliación das aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo real decreto 463/2020, sempre e cando se beneficie ao alumnado.

O procedemento da avaliación valorará mediante distintos medios telemáticos e técnicas audiovisuais (envío e recepción de audio/video), probas escritas, probas orais, traballos, etc...as aprendizaxes do/a alumno/a, deixando constancia dos resultados obtidos

empregando o procedemento ordinario (ficha de seguimento do alumnado) e nunca minorando a cualificación.

**Dúas serán as actividades de recuperación:**

- a. Recuperación trimestral. Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior.
- b. Recuperación final. Se realizará un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso.

**Procedemento para a recuperación da 1ª-2ª avaliación:**

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización de clases por videochamada, probas e/ou envío de gravacións de audio/video que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica. As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

De non contar con información obxectiva sobre actividades realizadas polo/a alumno/a logo da declaración do estado de alarma, poderase realizar unha proba alternativa por medios telemáticos (videoconferencia, envío de gravación de audio/vídeo... preferentemente por mecanismos similares aos empregados para a comunicación co alumnado logo da declaración do estado de alarma) para efectuar a avaliación nas materias pendentes.

**Avaliación de materias pendentes:**

Partindo das instrucións do 27 de abril de 2020, que establece no seu punto 8.10:

A recuperación de materias pendentes relacionadas coa práctica instrumental, vocal ou de danza farase na clase do curso seguinte.

Tendo en conta esta premisa, avaliarase e cualificarase ao alumnado coa presente modificación da programación didáctica do curso anterior (1º de EE.EE.) en todos os seus apartados, tendo en conta que se realiza de forma integrada na materia instrumental do presente curso.

As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia

considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

### **Medidas de Atención á Diversidade:**

As adaptacións curriculares precisarán a autorización da inspección educativa correspondente. As condicións de realización serán as seguintes:

a) Modificación dos obxectivos, que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados, se é o caso; os contidos, que tamén poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e mesmo suprimidos.

b) Estarán dirixidas a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír cualidades excepcionais, non poden seguir-lo proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.

c) O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ó alumno, coa colaboración do seminario ou departamento didáctico e, se é o caso, de calquera outro profesional que participe na atención ó devandito alumno.

Na elaboración das adaptacións curriculares individuais do alumnado con sobredotación seguiránse dous tipos de estratexias:

- Adaptarase o currículo de ampliación ou enriquecemento vertical: aumentando cantidade de contidos a aprender nunha ou varias áreas.
- A ampliación curricular de enriquecemento horizontal: O aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, prevalecendo a profundización e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.
- Especial atención a alumnos sen conexión a internet, adoptando as medidas necesarias para poder achegarlles o traballo e poidan seguir reforzando as obras e estudos do programa, así como realizar conexión telefónicas de acción tutorial.

### **E) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Tendo en conta que se trata dunha materia baseada na práctica instrumental considérase que se trata dun proceso de evolución progresiva e contínua, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado na 2ª avaliación non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración técnica e persoal desde o comezo do

curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento:

Tomarase como referencia a cualificación obtida na 2ª avaliación tendo en conta o carácter contínuo da materia e poderá incrementarse en 2 puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

- Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a.
- Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso.
- Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a.
- Participar nas actividades organizadas polo departamento.
- Asistir regularmente ás aulas e manter unha actitude correcta.

## **F) ENFOQUE METODOLÓXICO**

A metodoloxía no grao profesional debe estar baseado na atención individualizada do profesor as necesidades e aptitudes de cada alumno. Na búsqueda por alcanzar os obxectivos propostos, as estratexias formativas deben ser diferentes para cada estudante.

Entre as diferentes estratexias que podemos propoñer algunhas poderían ser:

- Utilización dun equipo de gravación para rexistrar a interpretación total da obra o de algunha sección en especial.
- Explicación por parte do profesor da partitura correspondente, a través do análise nos seus aspectos formais, melódicos, harmónicos e outros adaptados ó curso correspondente
- Audicións de obras ou fragmentos de diferentes estilos e posterior debate sobre os distintos aspectos que as conforman.
- Traballo dunha obra obrigada imposta polo departamento.
- Traballo de lectura a primeira vista.
- Pedirase ó alumno recopilación sobre época, obra, autor, das partituras que se van a traballar.
- Traballo da improvisación e harmonía para a aplicación as obras que se están a estudar.

Debido á situación creada polo COVID-19, farase un uso intensivo das TIC, neste caso das apps de videoconferencia gratuítas como Skype, Google Duo e mesmo Whatsapp. Así mesmo enviaranse vídeos das obras/estudos a traballar durante o curso (a distintas velocidades) para que sirva de apoio e referente aos alumnos e estes, á súa vez, enviarán vídeos para levar un control semanal do traballo realizado o que completará o seguimento semanal que se realizará mediante videoconferencia.

## **G) RECURSOS DIDÁCTICOS ORIENTATIVOS**

Escoller como mínimo tres estudos (con diferente formulación técnica) e catro obras da presente lista ou outras da mesma dificultade e características técnicas e musicais. Será obrigatorio elixir tres dos apartados a), b) e c), e dúas do apartado d). Todo o programa deberá ser interpretado de memoria, incluíndo obrigatoriamente unha obra de varios movementos:

### **I. Estudos**

Estudo nº 6 Op. 11, nº 18 Op. 29, Complete Studies, Ed. Chanterelle F. Sors

Estudo (Alard), Estudos para 7º ano de violão, I. Savio, Ed. Ricordi F. Tárrega

Estudo de concerto nº 1, Obra completa, R. Stover A. Barrios

Estudos nº 3, 6, 7, 9 e 11, Obra completa, Ed. M. Eschig H. Villa-Lobos

### **II. Obras**

a)

Fantasías IX, XI, XV, XVI e XVIII, El Maestro L. Milán

Fantasía X, A. Mudarra

A Fancy, J. Suryanata, Ed. AMP J. Dowland

Lachrimae Pavan, J. Suryanata, Ed. AMP J. Dowland

b)

Sonata en Re, W. Kanengiser S. de Murcia

Andante, Suite BWV 1034, D. Russell, Ed. Doberman J. S. Bach

Fuga, Sonata I BWV 1001, Manuel Barrueco, Ed. Schott J. S. Bach

Fuga, Sonata II BWV 1003, Manuel Barrueco, Ed. Schott J. S. Bach

Sonatas K232 e K233, D. Russell, Ed. Doberman D. Scarlatti

Sonatas K209, K292 e 380, M. Barrueco, Ed. Schott D. Scarlatti

Passagaille, Anthology of Selected Pieces, R. Burley, Ed. Schott S. L. Weiss

c)

Fantasie Villageoise, Ed. Gendai Guitar F. Sors  
Introducción e variacións Op. 9, Ed. Gendai Guitar F. Sors  
Introducción e variacións “Malborough”, Ed. Gendai Guitar F. Sors  
Sonata Op.15, K. Scheit, Ed. Universal M. Giuliani  
Variación sobre “Folías de España” M. Giuliani  
Capricho Árabe, Obras para Guitarra, Ed. Gendai Guitar F. Tárrega  
Un sueño en la Floresta, Ed. R. Stover A. Barrios  
Confesión, Ed. R. Stover A. Barrios  
Capricho, 36 Caprices Op. 20, Ed. Chanterelle L. Legnani  
El Mestre, Canciones Populares Catalanas, Ed. UME M. Llobet  
d)  
Fandanguillo, Ed. Schott J. Turina  
Homenaje a Tárrega, Ed. Schott J. Turina  
Prelúdio n.º 2, Obra completa para guitarra, Ed. Max Eschig H. Villa-Lobos  
Aires de La Mancha, P. García, Ed. Ópera tres F. Moreno Torroba  
50Guitarra – Programación 2013/14 – Conservatorio Profesional de Música de Santiago  
de Compostela  
Suite Valenciana, Ed. Bérben V. Asencio  
En los trigales, Ed. Musicales J. Rodrigo  
Allegro in Re, Ed. A. Mark J. Morel  
El Decamerón Negro (1º e 2º movementos), Ed. EMT L. Brouwer  
  
(Poderase substituír un estudo ou obra por unha obra de cámara)

### **Recursos xerais:**

Guitarra, banquillo de guitarra, metrónomo, atril e limas.

### **Bibliografía**

El Maestro L. Milán  
Diferentes pezas, Ed. Max Eschig L. Brouwer  
Obra completa para guitarra, Ed. Max Eschig H. Villa-Lobos  
Obra completa para laúde, F. Koonce, Ed. Kjos J. S. Bach  
Obras para Guitarra, Ed. Gendai Guitar F. Tárrega

Obra completa, Ed. Belvin-mills e Ed. Zen-on A. Barrios  
Sonatas para violino, M. Barrueco, Ed. Schott J. S. Bach  
Sonatas, David Russell, Ed. Doberman, M. Barrueco, Ed. Schott D. Scarlatti  
La Guitare Classique, Vol. D, Ed. M. Combre J.-M. Mourat  
The Dowland Collection, J. Suryanata, Ed. AMP J. Dowland  
Oevres Complètes pour Guitare, R. Strizich, Ed. Le Pupitre R. de Visée  
The Complete Studies for Guitar, Ed. Chanterelle F. Sors

#### **H) PROCEDEMENTO DE ACCESO AO CURRÍCULO:**

A proba práctica de acceso a este curso efectuarase segundo a lexislación que a regula, o decreto 198/2007 e a circular 4/2008 da consellería de educación . Será publicada no mes de abril no taboleiro de anuncios coas obras e estudos que se requirirán, integradas nos contidos da programación didáctica do 5º curso de Grao Profesional deste currículo. Estas obras e estudos terán un carácter orientativo. Os criterios de avaliación serán os seguintes:

- Técnica xeral: 35%
- Son e afinación: 30%
- Interpretación (musicalidade, matización, etc): 35%

As porcentaxes xerais para elaborar a nota son:

- Linguaxe Musical: 30%
- Instrumento: 70%

#### **Promoción e Permanencia**

O alumnado pasará ao curso superior cando teña superadas as materias cursadas ou teña avaliación negativa, como máximo, en dúas materias. No suposto de que a materia pendente sexa de práctica instrumental ou vocal, a recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte, se forma parte del. No resto dos casos, o alumnado deberá asistir ás clases das materias non superadas no curso anterior. A cualificación negativa en tres ou máis materias dun curso ou impedirá a promoción do alumnado ao curso seguinte.

En relación co punto anterior, o centro poderá, segundo a súa dispoñibilidade, autorizar a asistencia do alumnado con unha ou dúas materias pendentes, como oínte, ás clases das materias xa superadas.

O alumnado que no remate do sexto curso tivese pendente de avaliación positiva tres



materias ou máis deberá repetir o curso na súa totalidade. Cando a cualificación negativa se produza en unha ou dúas materias, só cumprirá que realice as materias pendentes. O límite de permanencia nas ensinanzas profesionais será de oito anos. O alumnado non poderá permanecer máis de dous anos no mesmo curso, bardante no sexto curso.

### **Probas extraordinarias**

Terán lugar no mes de setembro.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará no calendario escolar do presente curso, a marxe de días para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias co fin de facilitar ao alumnado a recuperación de materias con avaliación negativa.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá nunha interpretación práctica no instrumento baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- Técnica xeral: 35%
- Son e afinación: 30%
- Interpretación (musicalidade, matización, etc): 35%

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

### **I) ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS**

Durante o curso terán lugar os seguintes eventos:

- Festival de Nadal.
- Dúas audicións públicas.
- Concerto didáctico para os colexios.
- Día do Conservatorio na rúa.
- Festival de fin de curso.

- Conmemoración do día de Santa Cecilia.

## **J) PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR E REVISAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA, ASÍ COMO A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO**

1. Mensualmente realizarase unha reunión monotemática do departamento, na que se analizará o desenvolvemento dos obxectivos e contidos programados, así como do cumprimento en xeral da programación didáctica deste curso.

2. Elaboración, rematado o curso, dunha memoria anual do cumprimento da programación didáctica do departamento.

3. En todos os departamentos didácticos do centro realizarase unha reunión trimestral adicada á autoavaliación do departamento, onde se analizarán:

- Propostas formuladas ou falta delas, ao equipo directivo relativas á xestión do centro.
- Propostas formuladas ou falta delas, á comisión de coordinación pedagóxica, relativas ao desenvolvemento curricular.
- Consecución ou non das actividades culturais e eventos programados ao principio de curso.
- Avaliación do proceso de ensino durante o curso. En que se pode millorar.

## **K) INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

Empregarase a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento contínuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente adaptación da programación didáctica a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

Logo de recepción das programacións didácticas, a dirección do cenro procederá á publicación das mesmas no sitio web có fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.